



Marta Mata, ante todo, mestra

Firme defensora dunha escola na que os nenos e as nenas vivan plenamente, na que participen todos, gobernos e municipios, cidadáns e labregos, pais e nais... Unha escola na que se inculque o respecto polos dereitos humanos, se respecten as familias e a súa identidade cultural, se teñan en consideración as civilizacións diferentes e se promova a amizade entre todos os pobos.



Outra educación ten que ser posíbel

Hai aspiracións que xa pasaron a ser slogans que todo o profesorado di asumir, como a aposta por educar un alumnado crítico. Con frecuencia tales aspiracións están máis nas intencións que nos resultados. Algo que esixiría un tipo de praxe curricular na que o alumnado se sentise obrigado a traballar con perspectivas interdisciplinares, a manexar fontes informativas moi diferenciadas e a contrastar distintas análises e interpretacións.



Mariano Fernández Enguita

Pasamos da certeza de ter unha cultura boa e facilitarlla ao alumno, á incerteza de dispoñer dunha cultura que non poderíamos consumir en centos ou miles de anos. Iso obríganos a seleccionar e a ensinar os alumnos a desenvolverse no medio desa variedade de información e dentro dunha oferta plural de valores.



O soño da escola pública

Aínda que tardou o seu tempo, o soño da escolarización primaria universal fíxose realidade. Na actualidade deixou de ser un ben que hai que conquistar para se converter nun ben dado. A sociedade xa non sitúa a escola no centro das súas valoracións, por máis que non saiba prescindir dela. Perdeu a súa mística. Os mestres tampouco se perciben nin son percibidos como os apóstolos da instrución pública. Urxen novos estímulos, valores e significados.



Ler e escribir con sentido

Decidimos utilizar o texto da carta para achegar o noso alumnado ao proceso lecto-escritor. Dúas foron as razóns que nos moveron a traballar deste xeito. A primeira, buscar un texto no que a finalidade e a utilidade fosen claras e significativas para os nosos nenos e nenas. A segunda, que a experiencia fose motivadora, que tivese unha aplicabilidade inmediata.



Mellora da calidade

O realmente importante é o cambio que experimentamos todos dende que iniciamos o plan de mellora. Somos máis equipo, aprendemos a admitir mellor as suxestións e a ser máis críticos co noso traballo. Comprobamos que o grupo ten infinitas posibilidades comparadas coas do profesorado cando actúa de forma illada.

Eduga, unha nova canle de participación do profesorado

É para min un pracer participar na presentación do primeiro número de Eduga. Esta nova publicación vén sumarse a outros materiais que xa se están distribuindo na Comunidade, que dan conta dos avances que se producen no noso sistema educativo e que pretenden abrir a educación en Galicia a toda a comunidade escolar. Así, recentemente deu os seus primeiros pasos o boletín Participando, editado polo Consello Escolar de Galicia e mediante o cal este órgano achega aos centros galegos as iniciativas que nel se desenvolven.

A variedade de publicacións relativas ao eido da ensinanza dan mostra da boa saúde do sistema educativo galego, ao tempo que axudan a melloralo, comunicando á sociedade todas aquelas novidades e accións nesta materia, e funcionando como espazo de diálogo entre os distintos sectores da comunidade escolar.

Eduga nace coa idea de albergar unha diversidade de contidos relacionados con todas as etapas educativas, de xeito que chegue a todo o profesorado, dende a educación infantil ata a universidade. O profesorado é un elemento clave na educación dos nenos e nenas, e é por iso que a Administración educativa galega traballa para mellorar a súa

consideración social. Ademais, presta especial atención á formación permanente dos docentes galegos, pois estamos convencidos de que un profesorado motivado e en constante actualización dos seus coñecementos desembocará nun alumnado máis receptivo e que obterá mellores resultados académicos.

Esta publicación será de grande utilidade para o colectivo de docentes galegos, que poderán botar man da Axenda na que se anunciarán as actividades formativas; participar no Foro educativo sobre temas de actualidade; ou coñecer as noticias máis destacadas nesta materia tanto a nivel de Galicia, como nacional, europeo e internacional, ao tempo que achegarán as súas opinións e contribucións ao sistema educativo galego.

Este primeiro número está dedicado á Calidade Educativa. Isto é especialmente relevante porque se corresponde co obxectivo que guía todas as accións da Consellería de Educación: a consecución dun Sistema Educativo Galego de Calidade. Unha das claves do progreso e da prosperidade de calquera país é o seu sistema educativo. Consecuentemente, unha das maiores responsabilidades do goberno é o desenvolvemento dunha Educación de

Calidade que garanta esa cohesión social tan necesaria.

Pero isto só se acadará se neste proceso contamos coa participación de todos os axentes da comunidade educativa: pais, docentes, alumnado, PAS, equipos directivos, orientadores, etc. Penso que estamos no bo camiño. Accións como a gratuidade dos libros de texto en todo o ensino obrigatorio, ou a presenza da figura do acompañante no transporte escolar no 100% das rutas que o precisan, serán unha realidade a comezos do vindeiro curso, e avanzarán na igualdade de oportunidades para todo o alumnado galego.

Estou convencida de que esta publicación que hoxe retoma a súa andaina será un magnífico soporte dende o que dar a coñecer aos responsables da educación dos nenos e nenas galegos os avances que, entre todos, estamos conseguindo para que poidan formarse como cidadáns críticos e libres e sexan capaces de dirixir o futuro de Galicia.

Os meus mellores desexos e todo o meu apoio nesta nova aventura.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación
e Ordenación Universitaria

O valor dos recordos

Hai pouco tempo un home de case sesenta anos falaba da escola da súa infancia e dicía que a súa lembranza máis afectuosa era para un mestre que un día o felicitara na clase por resolver un problema, e engadía “eu creo que o meu motor aínda anda con aquela gasolina”. Non é casual que hoxe ese home sexa profesor de Matemáticas. Algúns, coma el, tivemos a fortuna de atopármolos con persoas que amaban o ensino e que souberon transmitir a súa paixón diante de numerosos grupos de alumnos cos únicos recursos da palabra e desa autoridade que dá o traballo ben feito.

Hoxe a escola é ben diferente daquela. A educación estendeuse a toda a poboación, mesmo nas etapas pre e postobrigatoria, os recursos audiovisuais e informáticos marcan un novo estilo de ensinanza e o concepto calidade sitúase no centro das políticas educativas. O alumnado, pola súa parte, pasa menos tempo coa familia, convive cun maior número de profesores e vese inmerso nun mundo de valores que, en moitos casos, choca frontalmente cos asumidos pola escola e as familias. Por estas razóns, a educación de nenos e nenas comporta un desafío que implica, máis ca nunca, a colaboración de todos, Administración educativa e local, profesorado, familias e cantos recursos haxa no contorno social máis próximo.

Neste complicado labor, as boas instalacións e equipamentos son importantes para facer realidade o principio de excelencia educativa, pero nada que se poida comparar á influencia do profesorado. Non hai que esquecer o importante papel que xoga na formación dos alumnos, non só co que di, senón tamén co que cala. Cos seus silencios, xestos e actitudes os nosos nenos e nenas reciben mensaxes que inflúen decisivamente no seu proceso de aprendizaxe. Para eles significa moito o que pensan os profesores e tamén a imaxe que teñen deles os compañeiros. Ben é certo que as opinións e os xuízos de valor dos iguais se forman a través dos emitidos e

sentidos polos adultos. Isto lévanos a concluír que a boa consideración do alumnado debería situarse no punto de partida de calquera situación de ensino-aprendizaxe.

Outra cuestión fundamental é a coordinación entre todos os responsables dun grupo de alumnos e alumnas. Hoxe poucas persoas porían en cuestión, por exemplo, a necesidade de educar para o respecto e a solidariedade, non obstante, é posible que existan serias discrepancias no que iso implica e nas accións que deben derivarse dese principio. É preciso, xa que logo, construír e negociar significados ata desentrañar o seu sentido e clarificar decisións.

En calquera caso nunca deberiamos esquecer que o noso compromiso é axudarlle ao alumnado a descubrir o mundo e a relacionarse con el. A escola debe contribuír á construción dunha sociedade na que teñan cabida os máis e os menos dotados e na que aprendan a vivir en harmonía persoas diferentes. Nese empeño é preciso ver en cada alumno e alumna, antes que as súas limitacións, o potencial de aprendizaxe; infundirlle confianza, recoñecer os seus logros e, como non, alegrarnos cada vez que conseguen superarse. Só así construiremos unha escola integradora e solidaria e, talvez, logremos que os nosos nenos e nenas garden na memoria experiencias de vida que os axuden a superar as dificultades.

Non é suficiente con evitar que teñan malos recordos. O ser humano mesmo podería ter capacidade para eliminar da súa mente aqueles feitos que lle producen dor. O realmente triste é vivir sen emocións, non aprender a querer nin sentirse querido. En definitiva, non poder gardar na memoria nada positivo que lembrar.

Gena Borrajo
Directora Eduga

Forum Emprego Universitario 2007 “Sextas Xornadas Universitarias de Emprego de Galicia e Norte de Portugal”

Datas e lugares de celebración:

12 e 13 de febreiro no Campus Universitario de Vigo: salón de actos do Edificio de Ciencias Experimentais.
14 e 15 de febreiro no Campus Universitario de Ourense: salón de actos do Edificio Politécnico.

A Universidade de Vigo, única do Estado español que forma parte como socia da Rede EURES (EUROpean Employment Services), organiza dende a Vicerreitoría de Relacións Institucionais e coa coordinación da conselleira EURES, Emilia Seoane Pérez, por sexto ano consecutivo, o Forum Emprego Universitario 2007 “Sextas Xornadas Universitarias de Emprego de Galicia e Norte de Portugal” no marco das actividades anuais do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

O público destinatario destas xornadas é, preferentemente, o alumnado dos últimos cursos e titulados universitarios da Universidade de Vigo. A inscrición é gratuíta.
Máis información:
eures.universidade.emilia@uvigo.es

VIII Xornadas de Comunicación entre a Universidade de Vigo e os centros de ensino non universitario de Galicia

Data e lugar de celebración: 8 e 9 de marzo de 2007, no salón de graos do Edificio Xurídico-Empresarial do Campus Universitario de Ourense.

Estas xornadas, na súa xa 8ª edición e consolidadas, daquela, como único foro de comunicación existente

entre os distintos niveis do ensino educativo formal do sistema educativo galego, tentan mostrarlles aos orientadores, profesorado de FOL, dirección e/ou xefes de estudos dos centros de ensino non universitario, a oferta educativa da Universidade de Vigo, co fin de que estes profesionais poidan ofrecerlles información aos estudantes do seu centro no relativo a titulacións, plans de estudo e servizos da Universidade.

Máis información:
siope-ou@uvigo.es
Teléfono: 988 387102
Fax: 988 387165.

Encuentro Audiovisual de Jóvenes no marco do 22 Festival Internacional de Cine Cinema Jove

O Festival Internacional de Cine, Cinema *Jove*, organiza como cada ano dentro do seu programa de actividades o *Encuentro Audiovisual de Jóvenes*, na cidade de Valencia, do 16 ao 23 de xuño de 2007. Alí amosaranse as curtametraxes realizadas por mozos españois, de ata 22 anos de idade. Establécense tres categorías:

- A: Ata 12 anos (alumnos de infantil e primaria).
- B: de 13 a 20 anos (alumnos de ESO e bacharelato).
- C: de 16 a 22 anos (alumnos de ciclos formativos de Imaxe, outros centros de formación e asociacións xuvenís).

As curtametraxes deberán presentarse antes do 15 de abril de 2007 en sistema DVD ou VHS e ter unha duración máxima de 15 minutos. A inscrición electrónica formalizarase a través da páxina web:
www.cinemajovefilmfest.com

III Encuentro Nacional de Orientadores y I Encuentro Internacional Virtual

Celebrarase no Auditorio de Zaragoza os días 9, 10 e 11 de marzo de 2007. O evento está organizado pola Asociación Aragonesa de Psicopedagogía e a Asociación de Psicopedagogía da Universitat Oberta de Catalunya.

O lema que encabezará o Encontro, “Por unha orientación ao longo da vida”, alude á necesidade de mellorar a convivencia, o desenvolvemento persoal e a calidade de vida de todos os membros que forman a sociedade actual, cada vez máis diversa, esixente e cambiante.

Máis información:
www.psicopedagogia-aragon.com
Teléfono: 625032118

Congreso Mundial Educación de la Infancia para la Paz

Terá lugar no Pazo de Congresos de Albacete, os días 20, 21 e 22 de abril de 2007.

Organizan: Concello de Albacete e Asociación Mundial de Educadores Infantís.

Máis información:
comunicacion@waece.org

Premio Internacional “Ciudad de Albacete” de Cuentos Cortos de Valores Educación de la Infancia para la Paz

O concurso é para nenos de educación infantil e ten como obxecto a redacción de contos curtos que fomenten o espírito de convivencia e a paz entre eles, así como valores de autocontrol, honestidade, sensibilidade, perseveranza, tolerancia,

solidariedade, xustiza, respecto á diversidade, etc.

O concurso levarase a cabo durante o período -outubro 2006/febreiro 2007- e poderán concorrer a el autores de calquera país.

Os contos deben ser textos orixinais, que non optasen a ningún outro premio nin comprometesen os dereitos de autor. Poden estar escritos en español e/ou inglés.

A extensión máxima permitida nos traballos é dun folio. Cada autor poderá presentar un máximo de tres contos diferentes, remitíndoos antes das 24:00 do día 20 de febreiro de 2007 por correo electrónico exclusivamente. www.waece.org/albacete/concurso.htm

Congreso Internacional de AIOSP Orientación y Diversidad: Investigación y Aplicación

Celebrarase do 4 ao 6 de setembro de 2007 en Padua (Italia).

Este congreso incluírá a Asemblea Xeral de AIOSP e irá precedido dun Symposium Colaborativo AIOEP-SVP-NCDA o 3 de setembro de 2007.

O tema orientación e diversidade abranguerá catro sub-tópicos principais: realidades de diversidade; retos para a práctica da orientación; retos para os sistemas do emprego; diversidade e novos paradigmas no desenvolvemento das teorías da orientación.

Máis información:

<http://iaevgconference07.psy.unipd.it>
Laura Nota Larios, Universidade de Padua, lauranota.iaevg2007@unipd.it
web do simposio:

<http://larios.psy.unipd.it>

Exposicións

O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) acolle dúas exposicións, unha sobre prensa escolar e outra dedicada ao xoguete.

Máis de cen anos de prensa escolar en Galicia pretende amosar a riqueza, variedade e calidade dos xornais que ao longo de máis dun século foron saíndo dos obradoiros das escolas galegas, así como a progresiva incorporación dos avances tecnolóxicos ás imprentas escolares.

No panel de contidos ofrécese un percorrido dende os antecedentes da prensa estudiantil, alá polo ano 1842, ata o momento actual, xunto a unha variedade de recursos relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación, instrumental e enxeños da palabra escrita e suxestións de expertos.

A exposición está aberta ao público durante o curso académico 2006-2007. Horario de apertura: martes a sábados, de 10 a 14 e de 16 a 20.

Os grupos deben concertar a súa visita, contactando co persoal do Mupega, nos teléfonos: 981 540 152 ou 981 155 156; ou ben a través dun formulario que aparece na páxina web do Museo: www.edu.xunta.es/mupega

Ronsel de ilusións. A exposición xira arredor do xoguete e a súa evolución no tempo. Dende os brinquedos de feitura infantil, propios dos estratos sociais máis humildes, ata os máis requintados de produción artesanal e mercados polas familias de economía máis folgada.

Son tamén relevantes as achegas de

particulares que furgaron e furgaron en armarios e faiados na procura daqueles libros de contos, obxectos e fotografías, tantos anos esquecidos.

A exposición está aberta dende decembro de 2006 ata outubro de 2007.

Horario para o público: martes a sábados, de 10 a 14 e de 16 a 20.

Os grupos deben concertar a súa visita. Para iso poden contactar co persoal do Mupega chamando ao teléfono: 981 540 152, ou ben a través dun formulario que aparece na páxina web do Museo: www.edu.xunta.es/mupega